

ADQUISICIÓN DOS LIBROS DE TEXTO E FONDO SOLIDARIO (ESO)

Hai importantes novidades

Antes do 19 de xuño, é obrigatorio que os alumnos de 2º e de 4º do curso 14/15 devolvan os libros adquiridos coas axudas do ano 2014/2015 (o día de entrega das notas entregaremos os necesarios para os exames de setembro, que terán que devolverse antes do día 4 dese mes). **O incumprimento desta norma ten como consecuencia a exclusión do sistema de axudas e de préstamo.**

Así mesmo, pódense aportar ao fondo solidario o resto de libros do curso.

Alumnos de 1º e 3º da ESO no curso 2015/16

Continúa o sistema de axudas para a adquisición de libros

O prazo de presentación de solicitudes para os alumnos que se matriculen en xuño será do **25 de xuño ao 27 de xullo**. Para os alumnos que se matriculen en setembro será do **2 de setembro ao 2 de outubro**. As instancias pódense recoller na Secretaría do Centro ou descargar na web do instituto.

Orde do 22 de maio de 2015 (DOG 1 xuño de 2015)

Alumnos de 2º e 4º da ESO no curso 2015/16

As axudas directas son substituídas por un fondo solidario de libros formado polos libros devoltos por alumnos do ano anterior.

Tódolos interesados deberán presentar a solicitude antes do **30 de xuño** no centro. A asignación farase por orde inversa á renda per cápita familiar.

As instancias pódense recoller na Secretaría do Centro ou descargar na web do instituto.

Orde do 31 de maio de 2015 (DOG do 1 de xuño de 2015)